

# Bases legais da Promoción "Devolución por pagamento Impostos e/ou Seguros Sociais"

## CONDICIÓNS DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás, núm. 4, e provista do CIF núm. A48265169 (de agora en diante, o "BBVA") organiza a presente promoción, denominada "DEVOLUCIÓN POR PAGAMENTO IMPOSTOS E/OU SEGUROS SOCIAIS" (de agora en diante, a "Promoción"), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as "Bases legais").

### 1. En que consiste?

Esta Promoción ten por obxecto incentivar a alta de novos clientes en liña, así como a domiciliación de cargos (de agora en diante "os Cargos") asociados ao pagamento de impostos e/ou seguros sociais. Cumprindo os requisitos da Promoción, detallados nestas Bases legais, obterás unha bonificación (de agora en diante "a Bonificación"), que consiste no aboamento mensual máximo de 120 € brutos (97,20 € netos) do total de impostos e/ou seguros sociais pagos cada mes a través da túa conta no BBVA conforme se detalla máis adiante e por un máximo de 6 meses consecutivos (de agora en diante "o Período de Bonificación"), sendo a bonificación máxima acumulable de 720 € brutos (583,20 € netos).

Os impostos e seguros sociais domiciliados e para pagar a través da conta no BBVA que dan dereito á Bonificación teñen que ser:

#### Impostos/Cargos con dereito á Promoción:

- Impostos estatais, autonómicos e locais

#### Seguros sociais con dereito á Promoción:

- Cargos da Seguridade Social
- Cargos de seguros sociais
- Cotas da Seguridade Social-Réxime Especial
- Cotas da Seguridade Social-Réxime Xeral

Para determinar a bonificación correspondente dos Cargos domiciliados susceptibles de ser bonificados, establécese que:

- Se o importe da suma dos cargos mensuais que se apliquen é maior ou igual a 120 €, entón a Bonificación bruta mensual asignada será de 120 €.
- Se o importe da suma dos cargos mensuais que se apliquen é menor a 120 € brutos, entón a Bonificación bruta mensual asignada será igual á suma do importe dos devanditos cargos.

O Período de Bonificación de seis (6) meses naturais comezará o día 1 do seguinte mes natural á data en que se complete o proceso de alta como cliente. Como exemplo ilustrativo, se a alta se completou o 13 de maio, o período de bonificación comezará o 1 de xuño seguinte, e calquera cargo domiciliado antes do 1 de xuño non será obxecto de revisión/bonificación.

## 2. A quen se dirixe?

A novos clientes persoas xurídicas, residentes fiscais en territorio español, que se dean de alta como clientes no BBVA a través da canle en liña e contraten a Conta Empresas Bienvenida BBVA (de agora en diante "a Conta" ou "a conta no BBVA") desde o 13 de maio de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 (de agora en diante o "Período de Vixencia"), que cumpran os requisitos que máis adiante se detallan.

Esta Promoción pode ser incompatible con outras promocións, quedando a potestade do BBVA a determinación destas.

## 3. Quen está excluído de participar?

- Quedarás excluído da participación na Promoción se, durante o Período de Vixencia e ata a entrega da Bonificación, es debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Nese suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción da bonificación. Se chegada a data para o ingreso da Bonificación non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibila e non se che ingresará.
- Quedarás excluído da participación na presente Promoción se, chegada a data de ingreso da Bonificación, o cliente ordenou a devolución de calquera Cargo domiciliado ou se o cliente revogou a orde de cargar calquera destes Cargos domiciliados na Conta do BBVA.
- Quedarás excluído da participación na Promoción en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo e prexubilado tanto do BBVA como do seu Grupo de empresas.
- Quedarás excluído da participación na Promoción se causaches baixa como cliente durante os 6 meses anteriores ao comezo da Promoción.
- Esta Promoción é exclusiva do BBVA.

## 4. Que requisitos se deben cumprir para acceder á Promoción?

Para poderes participar na Promoción debes seguir os seguintes pasos:

- Ser novo cliente do BBVA desde polo menos a data de inicio da presente Promoción, a través da canle en liña (<https://www.bbva.es>), contratando a Conta Empresas Bienvenida.
- Ordenar a domiciliación de polo menos un Cargo, e pagalo a través da Conta no BBVA, asociado a calquera dos teus impostos e/ou seguros sociais dos indicados no apartado primeiro destas condicións.
- Que non causases baixa como cliente do BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción.

## 5. Canto dura a Promoción?

O prazo desta Promoción dará comezo o día 13 de maio de 2024 ás 00:00 horas (hora peninsular española) e finalizará o día 31 de decembro de 2024 ás 23:59 horas (hora peninsular española), ambos incluídos. Este é o **Período de Vixencia** xa definido no apartado 2 destas Bases legais.

## 6. Que vantaxes ofrece?

Ao cumprir os requisitos que se acaban de describir, recibirás a Bonificación, que será aboada na Conta, co concepto "Transferencia" e nas observacións: "Bonificación Promoción Devolución Impostos e/ou Seguros Sociais".

Cada mes, de todos os cargos susceptibles de ser bonificados, tomarase a suma de todos os que se apliquen de tal forma que:

- Se o importe da suma dos cargos é maior ou igual a 120 €, entón a Bonificación bruta asignada será de 120 €.
- Se o importe da suma dos cargos é menor a 120 €, entón a Bonificación bruta asignada será igual ao importe da suma dos cargos.



A comprobación polo BBVA do cumprimento dos requisitos realizarase con carácter mensual, empezando o día 1 de cada mes natural para cada un dos Períodos de Bonificación establecidos tal e como se detalla no apartado 1. Polo tanto, se algún Cargo non é de carácter mensual (cargo bimensual, trimestral, anual etc.) só se contabilizará no Período de Bonificación en que o cargo foi realizado.

### **7. Cando recibirás a Bonificación?**

O ingreso da bonificación estará supeditado ao cumprimento das condicións previstas nestas bases legais. O BBVA realizarache o ingreso da Bonificación logo da verificación das condicións establecidas e para cada Período de Bonificación establecido (mes sucesivo) unha vez pasados un mínimo de sete (7) días e ata un máximo de doce (12) meses desde a finalización de cada un dos meses do Período de Bonificación.

A Bonificación non será susceptible de cambio, alteración ou compensación. Se rexeitas a Bonificación, non se che ofrecerá ningunha alternativa.

### **8. Que fiscalidade ten a bonificación?**

A Bonificación terá a consideración de ingreso financeiro ou similar sometido a retención ao tipo do 19% que practicará o Banco, que aboará ao cliente o líquido resultante.

As repercusións fiscais que a obtención da Bonificación teña na fiscalidade do cliente serán por conta deste, polo tanto, o BBVA queda eximido de calquera responsabilidade.

Con independencia das persoas que se beneficien da Bonificación, para os efectos fiscais, o contido desta cláusula será de aplicación ao cliente que participa na Promoción.

### **9. Cal é o período de reclamación?**

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos doce meses (12) desde a data de finalización do Período de Vixencia.

### **10. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?**

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao e enderezo electrónico [consultasgenerales@bbva.com](mailto:consultasgenerales@bbva.com) é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites con motivo da túa participación na Promoción.

O BBVA necesita tratar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, idade, NIF/NIE/pasaporte, número de Conta no BBVA e os Cargos asociados ao pagamento de impostos ou seguros sociais indicados no apartado 1 domiciliados na devandita Conta no BBVA, coa finalidade de levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción e para a entrega da Bonificación, en caso de cumprir coas condicións requiridas.

A base de lexitimación é a execución do presente contrato.

Conservaremos os teus datos persoais para este tratamento concreto durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizado o devandito prazo, manteremos bloqueados aqueles datos persoais que sexan necesarios durante os prazos de prescrición legal para os exclusivos efectos de reclamacións ou accións legais. Transcorridos os prazos de prescrición legal, destruiremos os teus datos.

O BBVA non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que a lei nos obrigue ou se obteña o consentimento correspondente para facelo.

Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante un escrito a través de [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com). A supresión dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA a través da páxina web [www.bbva.es](http://www.bbva.es), apartado Datos persoais/Contacto DPO. En calquera

caso, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## 11. Que acontece en caso de cometeres ou de existir fraude?

No caso de que o BBVA detecte calquera anomalía ou sospeite que estás a impedir o normal desenvolvemento da Promoción, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención nesta. Para estes efectos, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a Bonificación de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar o teu rexistro se evidencia ou sospeita unha actuación irregular no sentido descrito no parágrafo anterior.

## 12. Cal é a responsabilidade do BBVA nesta Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros, a incidencias nos sistemas operativos do Banco ou a Internet que puidesen afectar á participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante se se teñen sospeitas de uso fraudulento por parte do cliente.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nas presentes Bases Legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, en cuxo caso se compromete a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

En caso de que calquera cláusula das Bases Legais sexa declarada nula ou inválida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por ela.

## 13. Aceptación destas Bases

A participación na presente Promoción por cumprir os requisitos para acceder a ela implica a aceptación destas Bases Legais e do criterio do BBVA para a resolución de calquera cuestión que se suscite.

## 14. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais do domicilio do cliente.

## 15. Onde podes consultar as Bases Legais?

Podes consultar as presentes Bases Legais en calquera momento durante o Período de Vixencia en

<https://www.bbva.es/gl/general/informes-legales.html#bases-legales>